

Prólogo

Despois de tres décadas do pasamento de Manuel Rodríguez López, e volvendo atrás nos meus recordos, lembro aquela época da miña vida na que disfrutaba da máis plena adolescencia, na que os intereses culturais eran escasos.

Naquela época non me decataba da perda tan grande que estabamos a padecer, a morte dun gran poeta, o poeta obreiro de Paradela.

Sei que Manuel foi o máis grande defensor e promotor da identidade e cultura galega, e sinto mágoa de non poder coñecelo, pero tamén me sinto privilexiada de poder disfrutar dun legado cultural tan extenso como o que nos deixou a través das súas obras.

Agora, co paso dos anos, e nunha etapa da miña vida totalmente diferente a de hai trinta anos, sinto a necesidade de colaborar xunto cos veciños, as administracións públicas e a propia familia de Manuel (a quen teño a sorte de coñecer) para divulgar a súa vida e obra.

Gustaríame tamén apelar ao traballo de todos e todas para que as xeracións vindeiras sigan a poder enchouparse de cultura e sexan os herdeiros literarios dos nosos poetas, e particularmente de Oreste.

Este é un certame literario coñecido internacionalmente, un certame que se nutre da excelencia cultural, unha excelencia que Manolo desprendía en cada verba.

Onde queira que te atopas, Manuel Rodríguez López, dende aquí, dende a túa ben querida terra, agradecerémosche eternamente a tan valiosa herdanza que nos deixas, e da cal coidaremos eternamente.

ROCÍO DOMÍNGUEZ BREA,
Presidenta da Asociación de Mulleres de Paradela